

Cinema Scope: Como atopastes Macau por primeira vez?

JOÃO RUI GUERRA DA MATA: O meu pai era oficial enxeñeiro na Mariña Portuguesa, e durante o réxime fascista, o persoal militar podía viaxar a miúdo ás colonias por comisións de servizo. Nacín en Mozambique, entón fun a Lisboa, e logo a Macau. § JOÃO PEDRO RODRIGUES: En cambio eu vivín sempre en Lisboa § GUERRA DA MATA: Gústame pensar neste filme como unha historia que un amigo lle conta a outro. Coñecín a João Pedro hai 20 anos e dende entón véñolle contando historias da miña infancia en Macau. Teño memoria moi vívidas sobre as cousas que adoitaba facer, os lugares a onde ía e sobre como, literalmente, acostumaba a perderme en Macau. Vexo eses anos da infancia como unha grande aventura. § RODRIGUES: E estar perdido, coído que é unha boa maneira de expresalo. É o que pasou aquí: Ao ternos perdido, tanto física como emocionalmente, acabamos atopando o noso filme.

Scope: Como empezades a co-dirixir?

RODRIGUES: O primeiro filme que co-diriximos foi *China, China* (2007)... § GUERRA DA MATA: Escribín o guión para João Pedro, e entón traballamos xuntos nel. Entendeu o involucrado que eu estaba e a cantidade de ideas visuais que tiña para o filme, e entón pedíume que o co-dirixise.

[...] § RODRIGUES: Co-diriximos *A última vez que vi Macau* porque João Rui ten unha relación especial con Asia. Ata o de agora, todos os filmes que co-diriximos estaban relacionado coa China.

Scope: Como foi a creación d'*A última vez que vi Macau*?

GUERRA DA MATA: En Portugal, adoitabamos obter financiamento do Instituto do Cinema a través do Ministerio de Cultura. Consequimos cartos para facer un documental. Fo-

mos tres veces a Macau os dous xuntos cun equipo de entre catro e seis persoas durante un período de tres anos para localizar e logo rodar. A idea era volver a Portugal no medio da rodaxe, para mirar os brutos e organizalos. § RODRIGUES: Entón volveríamos viaxar unha vez máis. Penso que foi de feito durante a nosa primeira viaxe que nos demos de conta que un documental era algo que non nos interesaba facer.

§ GUERRA DA MATA: Supoño que, de inicio, as contribucións máis importantes que fixen ao filme foron as miñas memorias e historias sobre Macau. É un clixé enorme dicir que as memorias son ficcións, pero é así. As memorias cambian coa idade pero tamén segundo a persoa á que llas contes.

§ RODRIGUES: Vas reinventando as túas imaxes ao longo da vida. Eu estaba disposto a escoitar as súas historias, para logo ver a cidade cos meus propios ollos. § GUERRA DA MATA: Ao principio, todo estaba baseado nas miñas memorias e nas de João. Pensabamos en confrontar as ideas de alguén que nunca estivera alí coas de outro que tivera vivido alí.

§ RODRIGUES: Cando chegamos a Macau todo cambiou.

A cidade enleounos dunha maneira estraña. § GUERRA DA MATA: Como lle gusta dicir a João Pedro, e eu concordo, de súbito era como se a cidade non estivese a contar historias. Historias que tiñamos que relatar por medio da ficción.

§ RODRIGUES: O cal foi difícil, xa que o orzamento que tiñamos era para un documental. O Instituto Cultural de Macau axudounos moito, ao darnos permiso para gravar en calquera espazo público. Estivemos alí en total seis meses, e sermos un equipo pequeno deunos unha grande liberdade para rodar. Non sufrimos as restricións relacionadas con ter un equipo máis amplo. Como resultado diso, algúns días rodabamos ata caer rendidos, e o día seguinte non rodabamos nada. Ás veces camiñabamos sen rumbo fixo, e así foi como atopamos algunhas das localizacións máis fascinantes. § GUERRA DA MATA: Ás veces planeabamos ir dun lugar A a outro B, e logo dun punto B a outro C, mais no camiño podíamos ver esa calexa traseira, e íámola explorar. A tal altura perderámonos no labirinto da cidade pero atopáramos cousas excitantes que rodar. E desa liberdade da que fala João Pedro. Temos que admitir que tiñamos un punto de ancoraxe, que eran os lugares aos que eu adoitaba ir só ou cos meus pais: restaurantes, a miña vella escola, a casa onde vivía... § RODRIGUES: E o *Macau* de Josef von Sternberg. § GUERRA DA MATA:

El e «Eu»: João Pedro Rodrigues e João Rui Guerra da Mata sobre 'A última vez que vi Macau'

Aaron Cutler

Nun dos primeiros planos do filme de Sternberg pódese ver a casa onde vivía eu. § RODRIGUES: Pero vese desde moi lonxe, e só nos chegamos a dar conta despois de ver o filme varias veces. § GUERRA DA MATA: Porque non é importante para a trama, pero está aí.

Scope: Quen é Candy?

RODRIGUES: A actriz ou a personaxe? § GUERRA DA MATA: Candy para nós é Cindy Scarsh. É unha performer trans que tiña un pequeno papel en *Morrer como un homem*. É amiga miña desde os 80 e adorámola, porque ten o vello glamour dunha femme fatale. § RODRIGUES: Tivo unha vida complicada, e o que Candy di na carta a João Rui sobre a súa vida é en parte certo sobre Cindy Crash. Hai algo xenuíno nela, como unha personaxe de Fassbinder ou unha estrela de Andy Warhol. «Candy? Candy, querida?», di João Rui no filme cando escoita a súa voz no teléfono. § GUERRA DA MATA: Candy é tamén o nome real do gato que aparece ao final do filme, que se lle asemella ao noso gato Sónic, que morreu durante a rodaxe de *Morrer como un homem*.

§ RODRIGUES: *Morrer como un homem* está dedicada a Sónic. § GUERRA DA MATA: E entón, cando estabamos a rodar, atopamos unha vara de bambú coa palabra «Candy» gravada nela. Aparecían todas esas conexións entre o que viamos. § RODRIGUES: Un eco. Cando estabamos a rodar, por exemplo, Jane Russel morreu. Iamos todas as mañás a unha cafetería a mercar os xornais portugueses, e unha mañá limos que morrera. § GUERRA DA MATA: E todos os xornais dicían, «Goodbye Lady from Macau». § RODRIGUES: Había relacións que se establecían, unha pequena, sutil rede de conexións entre nós, certos filmes e Macau.

Scope: Chris Marker?

§ RODRIGUES: É difícil facer un filme que xoga tanto co espazo e o tempo e non pensar en Chris Marker. Pero está tamén James Bond, xa que unha pequena parte de *O home da pistola de ouro* (1974) se tiña rodado en Macau no tempo en que João Rui vivía alí. § GUERRA DA MATA: Cheguei a ir á rodaxe. § RODRIGUES: Queríamos que o noso filme xogase con esas referencias, e hai unha ampla variedade: Chris Marker, James Bond, cinema negro... § GUERRA DA MATA: Serie B... § RODRIGUES: Ciencia-ficción. Gústame ver que o filme está influenciado por todas elas, pero tamén como se comezásemos desde cero. Está claro que vin moitos filmes e que o que o vin é parte de min mesmo, mais a miña idea ao facer filme e a de procurar unha vía no cinema que sexa propia. Neste caso, atopámola xuntos. § GUERRA DA MATA: Non vos parece que as citas directas nos filmes son moi aburridas? § RODRIGUES: O único que é quen de facelas ben é Godard. § GUERRA DA MATA: Pero nos temos varias referencias directas, como a do *Macau* de Sternberg. Abrimos o filme coa canción «You kill me». Hai zapatos de tacón

e medias de seda, que son tamén referencias. Isto é debido a que queríamos unha mestura de ficción e documental. Un dos primeiros planos do filme é un travelling desde un bote, como no principio do filme de Sternberg. Gostabamos da idea das imaxes documentais que introducen unha trama que de feito se rodara nun estudio de Hollywood. § RODRIGUES: E entón decidimos facer o contrario: inventar unha trama rodada na súa meirande parte con imaxes documentais. Coido que o noso filme, inda que ten unha trama de ficción, é ao final un retrato da cidade tal e como nós a vemos agora. § GUERRA DA MATA: Penso que é un retrato do «noso» Macau», un territorio re-inventado onde nos sentimos libres para usar imaxes gravadas en diferentes lugares de China e mesmo de Portugal. ¶ É como un documental sobre un lugar ficticio. Como o filme se ocupa da memoria pensamos nunha cidade imaxinaria habitada por pantasma, corpos sen cara, partes do corpo, siluetas, sombras... posuída por voces do pasado, do presente e do futuro, voces incorpóreas perdidas para sempre no labirinto dunha cidade mítica.

Scope: Mencionades ao principio do filme o momento da independencia de Macau, e entón presentades a cidade como se deixase atrás a ocupación portuguesa, ata o punto de que o protagonista non é quen de atopar ninguén que fale portugués.

§ GUERRA DA MATA: Algo que me sorprende é que estivesemos alí máis de 400 anos e agora case ninguén fale portugués. Macau foi un regalo da China, nunca foi territorio ocupado; era basicamente China con administración portuguesa. Moi diferente de Hog Kong, que era colonia británica. Todo o mundo en Hong Kong fala inglés porque alí creouse unha estrutura educacional. E os portugueses nunca fixeron tal. Durante a ditadura portuguesa había un dito: «Portugal estendeuse do Miño a Timor». Era o Gran Portugal. Nos 80, como sabíamos que chegaría a hora da entrega, decidimos construír en Macau como tolos, descoidando os barrios chineses e construíndo unha fea arquitectura posmoderna. § RODRIGUES: Isto é ridículo de ver, especialmente no centro da cidade. § GUERRA DA MATA: A ninguén en Portugal lle importaba Macau, e entón de súbito había que deixar unha marca. E logo, despois da devolución, a nova administración tiña que deixar unha marca chinesa por riba das marcas portuguesas. Así que agora é unha xungla arquitectónica. § RODRIGUES: Macau é tamén un parque temático, en certa medida. § GUERRA DA MATA: Agora é un parque temático. [...] § RODRIGUES: É normal estar perdido cando lembramos unha cidade de maneira diferente. § GUERRA DA MATA: Inda así o protagonista non é nostálgico. § RODRIGUES: Non queríamos facer un filme nostálgico. § GUERRA DA MATA: A miúdo os seus comentarios son críticos. Gústame pensar nel como alguén que pensa: «As cousas poderían ter ido mellor». [...] **Extractos sacados de <http://cinema-scope.com/>**

CINECLUBE DE COMPOSTELA

CARTOGRAFÍAS

PROYECCIONES

Todos os mércores na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde
Bono-axuda: 1€

ASOCIACIÓN

O Cineclube tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)

① cineclubedecompostela.blogaliza.org
@cineclubedecompostela@gmail.com

5 DE MARZO | 21:30

Alias asasino en serie (略称 連続射殺 高 Ryakushō renzoku shasatsuma), Masao Adachi, Xapón, 1969, 86', VOSG)

12 DE MARZO | 21:30

Ruínas (Ruínas, Manuel Mozos, Portugal, 2009, 60', VOSG)

19 DE MARZO | 21:30

A miña Winnipeg (My Winnipeg, Guy Maddin, Canadá, 2007, 80', VOSG)

26 DE MARZO | 21:30

A última vez que vin Macau (A Última Vez Que Vi Macau, João Pedro Rodrigues / João Rui Guerra da Mata, Francia / Portugal / Macau, 2012, 85', VOSG)